

FESTAS

No calendario local de eventos teñen especial relevancia a [Romaría etnográfica Raigame](#) - que ten lugar o 17 de maio de cada ano coincidindo coa celebración do día das letras galegas - e a

Ramallosa

- que ten lugar a principios do mes de agosto no primeiro fin de semana, e que está en trámites de ser considerada Festa de interese nacional.



Outra celebración de importancia é o sábado de piñata que se celebra o sábado seguinte ao remate do entroido. A pesar de ser relativamente innovadora, esta actividade xa goza de gran prestixio no ben coñecido panorama do entroido ourensán.

A continuación podes ver o calendario das festas patronais nas diferentes parroquias:

- Festas do San Roque (primeira quincena de Agosto, sendo o 15 o día principal)
 - Festa do San Marcos da Gandarela (finais de Abril)
 - Festas do San Cibrao de Acebedo do Río (finais de setembro)
 - Festas do Cristal (mediados de setembro)
 - Festas dos Remedios (Santa María de Vilanova. A primeira fin de semana de setembro)
- Hai verbena na praza do pobo con chocolate gratis e queimada para os asistentes
- Festa da Virxe das Neves en Freixo (mediados de xullo)
 - Festa da Magdalena en Santa Eufemia (mediados de xullo)
 - Festa da virxe do Carme en Queixas: no mes de xuño

OUTRAS FESTAS

- Folión castrexo que se celebra na primeira quincena de agosto, na fin de semana entre a festa de San Roque e a Ramallosa. Conmemórase a convivencia entre os habitantes de

Castromao e das tropas romanas fai máis de 2000 anos.

- Xornadas do Folclore con bailes tradicionais de distintos países do mundo, e que se celebran no emblemático Claustro Barroco.

- Tamén se celebra unha feira de mostras organizada pola [**Asociación de comerciantes e empresarios de celanova,**](#) que se soe celebrar no mes de abril.